



FOGGA | FONDO GALEGO DE GARANTÍA AGRARIA
Memoria 2012







EDITA

FOGGA / Fondo Galego de Garantía Agraria

MAQUETACIÓN


ANDAINA  PUBLICIDADE


DEPÓSITO LEGAL

PO 556-2008

ÍNDICE

ÁREA PRIMEIRA	07	PRESENTACIÓN E MARCO DE ACTUACIÓN
ÁREA SEGUNDA	09	O ORGANISMO
ÁREA TERCEIRA	13	ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS EN 2012
	13	3.1.- Actividades de xestión
	13	A) Pagamento único e outras medidas horizontais da PAC
	27	B) Actuacións en producións agrícolas
	32	C) Xestión do sistema de información xeográfica de parcelas agrícolas (SIXPAC)
	44	D) Actuacións en producións gandeiras
	59	E) Xestión de axudas ao desenvolvemento rural
	65	3.2.- Actividades de soporte
	65	A) Xestión de persoal
	67	B) Xestión económica
	69	C) Organismo pagador dos fondos europeos
	xx	D) Actuacións de apoio e asesoramento administrativo
	81	AUDITORIAS.
ÁREA CUARTA	82	4.1.- Auditorías externas
	85	O FOGGA en cifras.
	85	5.1. Irregularidades detectadas e correccións financeiras no exercicio
ÁREA QUINTA	87	5.2.- Fondos pagados no exercicio





PRESENTACIÓN E MARCO DE ACTUACIÓN

A memoria de actividades do Fondo Galego de Garantía Agraria configúrase exercicio a exercicio como unha fiestra aberta do organismo para contribuír a transparencia na xestión. Co ánimo de reforzar ese exercicio na presente memoria, ademais de afondar na procura de transferencia de coñecementos e datos ao sector de forma áxil e eficiente, redúcese de forma significativa o tempo da publicación do balance do exercicio, co obxectivo de que no horizonte 2014 esta memoria se publique o 1 de xaneiro, sen prexuízo da difusión da información a través da sede electrónica do organismo.

Misión. O Fondo Galego de Garantía Agraria (FOGGA), organismo autónomo dependente da **Consellería do Medio Rural e do Mar**, configúrase como un dos instrumentos da Comunidade Autónoma de Galicia para contribuír a un **medio rural sostible económica e socialmente**, en harmonía co **medio ambiente** e xerador dos produtos de alta **calidade e valor engadido** que demanda o mercado.

Ao FOGGA na súa condición de organismo pagador dos fondos europeos agrícolas en Galicia correspóndelle a responsabilidade compartida de facer chegar aos agricultores e gandeiros, operadores comerciais e industriais agroalimentarios e vinculados ao desenvolvemento rural, as medidas de apoio á renda e impulso que a política agrícola común (PAC) dispón a favor de quen contribúe á consecución dos seus fins, no eido dos mercados de produtos agrarios e do desenvolvemento rural.

Esta memoria das actividades do organismo trata de sintetizar a xestión dun exercicio orzamentario autonómico e dun exercicio financeiro comunitario (do 16 de outubro de 2011 ao 15 de outubro de 2012), na dobre vertente do FOGGA, de organismo autónomo encargado da aplicación en Galicia dos pagamentos directos e parcialmente das medidas de intervención de mercados da PAC, e, por outro lado, de organismo pagador dos fondos europeos agrícolas na nosa comunidade.

FONDO GALEGO DE GARANTÍA AGRARIA



O ORGANISMO

2.1. DENOMINACIÓN E NATUREZA

O **Fondo Galego de Garantía Agraria** (FOGGA) é unha entidade instrumental, das previstas no artigo 45 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia, en concreto, un organismo autónomo integrado no sector público autonómico da Xunta de Galicia, con personalidade xurídica e patrimonio de seu, posuíndo plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins.

O FOGGA -que está adscrito á Consellería do Medio Rural e do Mar, de conformidade co previsto no Decreto 13/2012, do 4 de xaneiro, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia (DOG nº 4, do 5 de xaneiro)- creouse mediante a Lei 7/1994, do 29 de decembro, pola que se crea o Instituto Lácteo e Gandeiro de Galicia (DOG nº 4, do 5/01/1995), denominación modificada pola disposición adicional quinta da Lei 7/2002, do 27 de decembro, de medidas fiscais e de réxime administrativo (DOG nº 251, do 31/12/2002), en virtude da cal pasa a denominarse Fondo Galego de Garantía Agraria. Dito marco normativo foi desenvolvido mediante o Decreto 128/1996, de 14 de marzo (DOG, nº 66, do 2 de abril de 1996), e máis recentemente, polo Decreto 46/2012, do 19 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Rural e do Mar, e do Fondo Galego de Garantía Agraria.

2.2. FUNCÍONS E ESTRUTURA

Funcións:

As funcións encomendadas ao organismo veñen previstas na Lei 7/1994, do 19 de decembro, así como no Decreto 128/1996, do 14 de marzo, polo que se desenvolve a dita lei.

De especial relevancia en relación coa configuración e estrutura interna do FOGGA resulta a súa consideración como **organismo pagador dos fondos europeos agrícolas** (FEAGA e FEADER) en Galicia, en virtude do disposto no Decreto 155/2006, do 7 de setembro, polo que se establece o réxime do organismo pagador dos fondos europeos agrarios en Galicia (DOG, nº 181, do 19 de setembro de 2006), e a Orde do 4 de outubro de 2007, pola que se autoriza o Fondo Galego de Garantía Agraria como organismo pagador dos ditos fondos en Galicia (DOG, nº 196, 9 de outubro de 2007).

A autorización como organismo pagador dos fondos europeos agrícolas en Galicia condiciona a súa estrutura interna e funcional, ao estar obrigado a cumprir os criterios de autorización como tal, descritos no Anexo I do Regulamento (CE) 885/2006, da Comisión, do 21 de xuño, polo que se establecen as disposicións de aplicación do Regulamento (CE) nº 1290/2005, do Consello, no que se refire á autorización dos organismos pagadores e outros órganos e á liquidación de contas do Fondo Europeo Agrícola de Garantía e do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (DOUE, nº L 171, do 23 de xuño do 2006).

No exercicio desas funcións, o FOGGA desenvolveu ao longo do ano as accións necesarias para a aplicación da política agraria común en Galicia, financiadas polo Fondo Europeo Agrario de Garantía (FEAGA), así como as actuacións conducentes á execución e á contabilización de todos os pagamentos do dito fondo, mais os do Fondo Europeo Agrario de Desenvolvemento Rural (FEADER).

Polo que respecta á estrutura administrativa do organismo, esta vén establecida, baixo a dependencia directa do seu director/a, no Decreto 46/2012, do 19 de xaneiro, correspondéndose co organigrama que se indica no punto seguinte, reproducíndose na norma actualmente en tramitación pola que se aproban os estatutos do organismo.

Neste sentido, cómpre destacar a ampliación funcional realizada mediante o citado decreto, en virtude do cal, se integra no organismo, baixo a dependencia da Subdirección Xeral de Xestión da PAC o servizo de Axudas Complementarias, ao cal lle corresponde a xestión das axudas á renda das persoas titulares das explotacións agrarias no marco dos programas de desenvolvemento rural, e das medidas en relación coa mellora do ambiente e do contorno rural para a utilización sustentable das terras agrícolas, principalmente indemnizacións por dificultades naturais, axudas agroambientais e axudas ao benestar dos animais.

Estrutura:

Estrutura administrativa

SECRETARÍA DO FOGGA	
Servizo de Xestión Económica, Tesouraría e Contratación	Servizo de Coordinación, Control e Xestión Administrativa
SUBDIRECCIÓN XERAL DE XESTIÓN DA POLÍTICA AGRARIA COMUNITARIA (PAC)	
Servizo de Axudas Agrícolas da PAC Servizo de Axudas Gandeiras da PAC	Servizo de Axudas Complementarias Servizo de Intervención de Mercados
SERVIZO DE AUDITORÍA INTERNA	
DELEGACIÓNS TERRITORIAIS	

Estrutura orgánica

- *Consello de dirección
- *Presidenta
- *Vicepresidente
- *Directora


Conforme ao disposto na Orde do 9 de febreiro de 2012, o Consello de Dirección do Fogga está integrado por:

-En representación da Consellería do Medio Rural e do Mar: Secretario Xeral Técnico, Secretario Xeral do Mar, Director Xeral de Desenvolvemento Rural e o Subdirector Xeral de Xestión da PAC do FOGGA.

-En representación da Consellería de Facenda; Subdirector Xeral do Xest. Econ. Patrimonial do sector púb. Empresarial.

Son membros natos: a Presidenta do FOGGA (Conseleira do Medio Rural e do Mar), o Vicepresidente do FOGGA (Secretario Xeral do Medio Rural e Montes) e o Director do FOGGA (Director Xeral de Produción Agropecuaria).

2.3. ORGANIGRAMA ADMINISTRATIVO





3.1. ACTIVIDADES DE XESTIÓN

A) Pagamento único e outras medidas horizontais da PAC

1.- RÉXIME DE PAGAMENTO ÚNICO (RPU)

*** Proceso de xestión de dereitos do pagamento único en Galicia:**

- Comunicación desde o FOGGA ao FEGA dos dereitos utilizados en 2011.
- Xestión das solicitudes de axuda ao réxime de pagamento único na campaña 2012, xunto coas da reserva para esa campaña e as cesións de dereitos para a mesma.
- Comunicación ao FEGA das solicitudes e movementos aceptados.
- Asignación polo FEGA dos dereitos do pagamento único da Reserva Nacional, en base ás solicitudes.
- Asignación provisional polo FEGA dos importes de pagamento único do Chequeo Médico da campaña 2012 xerados polo desacoplamento das axudas ás proteaxinosas e sacrificio.
- Constitución no FEGA da base de datos de dereitos de pagamento único consolidados 2012 para o control e pago dos dereitos a partir do 1 de decembro de 2012.

*** Características e elementos básicos do Réxime de Pagamento Único (RPU)**

Cada ano, para a percepción do pagamento único, o solicitante debe demostrar que é agricultor, que dispón de dereitos de axuda do pagamento único (de asignación inicial, da reserva nacional ou procedentes de cesión), que ten a superficie ou cabezas de gando necesarias e que cumpre os requisitos de admisibilidade e condicionalidade.

Á hora de levar a cabo a asignación inicial de dereitos tivéronse en conta os seguintes aspectos: período de referencia; importe de referencia; superficie de referencia; e, dereitos de axuda.

a) Asignación inicial de dereitos do RPU

Á hora de levar a cabo a asignación inicial de dereitos tivéronse en conta os seguintes aspectos: período de referencia; importe de referencia; superficie de referencia; e dereitos de axuda.

Na asignación inicial provisional de dereitos, de febreiro de 2006, dos importes de referencia descontouse un 3% para dotar á reserva nacional de dereitos de pagamento único e, posteriormente, en decembro de 2006, ese desconto limitouse ao 0,8%.

b) Reserva nacional

Constitúese en 2006 co desconto inicial dos importes de referencia dos agricultores (3% inicialmente, reducindo despois ao 0,8%).

Na campaña do 2007 e de acordo co previsto no artigo 42.7 do Regulamento 1782/2003, procedeuse a realizar unha redución lineal do 1,5 % de todos os dereitos de pagamento único para poder establecer os dereitos da reserva nacional da campaña 2007 sen superar o límite orzamentario de todo o Estado español.

No seguinte cadro indícanse as claves dos tipos de acceso dos solicitantes de dereitos da reserva nacional:

Tipo de acceso	Condicións
320A	Novos agricultores que realizen a súa primeira instalación no ámbito dun Programa de Desenvolvemento Rural establecido en base ao Regulamento (CE) 1698/2005
330C	Agricultores beneficiados da cota láctea da reserva nacional e do Fondo de cotas da campaña 2010/2011 e/ou anteriores.
330D	Agricultores beneficiados de dereitos de prima de ovino-cabrún da reserva nacional
330E	Agricultores beneficiados de dereitos de prima de vacas nutrices da reserva nacional da campaña 2008.
330L	Reestruturación sector lácteo (Real Decreto 1719/2012)
340	Agricultores con sentenzas ou actas administrativas firmes resoltas favorablemente

Cadro 1
Tipos de acceso na solicitude á reserva nacional de dereitos de pagamento único

As solicitudes de dereitos procedentes da reserva nacional para a campaña 2012 presentáronse no período do 1 de febreiro ao 30 de abril de 2012. Nos seguintes cadros resúmense o número de solicitudes de dereitos de reserva nacional efectuados e os importes asignados durante a mesma.

Nesta campaña, coa publicación do Real Decreto 1719/2012, se asignaron excepcionalmente dereitos de pagamento único da Reserva Nacional a aquelas explotacións suxeitas a programas de reestruturación do sector lácteo.

Cadro 2
Resumo de solicitudes de reserva nacional de dereitos de pagamento único. Datos campaña 2012

Tipo de acceso	A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		GALICIA	
	Solicit.	Acept.	Solicit.	Acept.	Solicit.	Acept.	Solicit.	Acept.	Solicit.	Acept.
320A	31	3	79	18	24	4	23	0	157	25
330C	134	14	182	12	5	2	62	10	383	38
330D	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
330E	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
330L	4.296	4.296	4.236	4.236	86	86	1.519	1.519	10.137	10.137
340	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
TOTAIS	4.461	4.313	4.497	4.266	115	92	1.604	1.529	10.677	10.200

Cadro 3
Número de beneficiarios e importes da asignación de dereitos de pagamento único da reserva nacional. Datos campaña 2012


Tipo de acceso	A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		GALICIA	
	Acept.	€	Acept.	€	Acept.	€	Acept.	€	Acept.	€
320A	3	4.961,34	18	31.307,27	4	10.979,86	0	0,00	25	47.248,47
330C	14	22.518,59	12	28.553,60	2	3.335,11	10	41.082,56	38	95.489,86
330D	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00
330E	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00
330L	4.296	2.757.954,12	4.236	3.046.531,51	86	42.777,26	1.519	825.420,10	10.137	6.672.682,99
340	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
TOTAIS	4.313	2.785.434,05	4.266	3.106.392,38	92	57.092,23	1.529	866.502,66	10.200	6.815.421,32



No cadro seguinte indícase a distribución, por CC.AA beneficiarios e importes dos dereitos asignados da reserva nacional de pago único para a campaña 2012, segundo información elaborada polo FEAGA:

CCAA	Beneficiarios		Importes €	
	Número	%	Número	%
Andalucía	745	3,74	1.124.809	5,82
Aragón	123	0,62	573.762	2,97
Asturias	2.531	12,69	2.019.383	10,44
Baleares	202	1,01	230.031	1,19
Cantabria	1.790	8,98	1.628.660	8,42
Castela-A Mancha	116	0,58	998.689	5,16
Castela e León	1.982	9,94	2.405.118	12,44
Cataluña	860	4,31	1.459.269	7,54
Extremadura	161	0,81	532.714	2,75
Galicia	10.200	51,16	6.815.421	35,24
Madrid	62	0,31	67.924	0,35
R. de Murcia	6	0,03	18.496	0,10
C. F. Navarra	393	1,97	685.628	3,54
Pais Vasco	454	2,28	405.458	2,10
A Rioxa	280	1,40	284.317	1,47
C. Valenciana	32	0,16	91.814	0,47
Total	19.937	100,00	19.341.492,55	100,00

Cadro 4
Distribución dos beneficiarios e importes dos dereitos asignados da reserva nacional de pago único por CC.AA. Datos campaña 2012



Gráfica 1
Número de solicitudes de cesión de dereitos do RPU. Datos campaña 2012
Total: 1.333

Cadro 5
Número de solicitudes e importes de cesión de dereitos do RPU por tipo de cesión en Galicia. Datos campaña 2012

	Solicitudes	Importes €
V1 Compravenda sen terras	91	19.024,76
V2 Compravenda sen terras a un agricultor profesional	273	62.789,42
V3 Compravenda con terra, compra parcial explotación	1	36.501,00
V4 Compravenda de todos os dereitos especiais, compra parcial da explotación	8	15.109,92
V5 Compravenda por devolución arrendamento	0	0
V6 Compravenda con terra, compra total explotación	1	21.700,98
V7 Compravenda a un agricultor que inicia a súa actividade	70	200.588,69
AR Arrendamento con terras	52	129.359,52
HE Herdanza	94	117.724,44
CD Cambio de personalidade xurídica	273	1.355.113,69
FU Fusión en persoas xurídicas ou entes sen personalidade xurídica	32	248.179,10
ES Escisións de persoas xurídicas ou de agrupación de persoas xurídicas	18	268.108,87
AA Finalización anticipada arrendamento con terras	6	155.229,70
RV Renuncia voluntaria a favor da reserva nacional	29	22.387,76
HA Xubilacións ou programas de cese anticipado cesionario familiar de primeiro grao cedente	313	7.068,32
SJ Sentenzas xudiciais	2	758.587,89
CC Cambio de CIF	12	1.032,06
PE Peaxe	-	56.469,37
TOTAIS	1.275	4.132.975,49

c) Dereitos consolidados para a campaña 2012

De acordo cun informe elaborado polo FEGA, para a campaña 2012 Galicia conta con 39.156 beneficiarios e 405.899 dereitos do RPU por un importe de 120.447.468,81 €, o que supón un valor medio de 296,74 €/dereito e 3.076,09 €/beneficiario.

Cadro 6
Sectorios do Chequeo Médico 2012. Número de beneficiarios e importes en Galicia

Sectores afectados CHQ 2012	Nº beneficiarios	Importe€
Prima proteaxinosas	137	2.894,77
Sacrificio de gando bovino adultos	27.744	4.463.335,83
Sacrificio de xatos	9.454	291.831,534
TOTAIS (*)	23.767	542.768,03

(*) O número de beneficiarios totais e o importe total correspondente refírese aos que cumpriron o requisito regulamentario de solicitar admisión ao RPU, ou ben tiveran dereitos asignados en propiedade antes do 2012.

Provincia	Agricultores	Importes€
A Coruña	14.206	42.180.663,34
Lugo	14.511	53.450.121,42
Ourense	5.591	12.659.137,22
Pontevedra	4.848	12.157.546,83
Galicia	39.156	120.447.468,81

Cadro 7
Distribución provincial de agricultores e importes de dereitos de pagamento único consolidados a finais do 2012

Provincia	Agricultores	Dereitos	Importes
<100	1.875	5.622	103.196,57
100 a 250	4.423	10.723	781.359,10
250,01 a 500	6.205	22.409	2.280.456,07
500,01 a 1.000	6.625	39.285	4.754.864,03
1.000,01 a 2.500	7.745	72.379	12.562.137,20
2.500,01 a 5.000	5.470	70.871	19.562.524,62
5.000,01 a 10.000	3.988	78.334	27.929.949,09
10.000,01 a 25.000	2.352	76.749	35.049.387,11
> 25.000	473	29.527	17.423.595,02
TOTAIS	39.156	405.899	120.447.468,81

Cadro 8
Distribución de dereitos do RPU en Galicia segundo importe asignado por agricultor. Campaña 2012

c) Xestión da axuda do réxime de pagamento único


Axudas reguladas no marco do Regulamento 73/2009, de acordo coa convocatoria de axudas da Orde do 25 de xaneiro de 2012 pola que se regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría e das axudas ao desenvolvemento rural para a utilización sustentable das terras agrícolas no ano 2012.

Esta axuda solicitouse mediante o procedemento de solicitude unificada. O prazo de solicitude foi do 1 de febreiro ao 30 de abril de 2012.


Para a presentación desta solicitude contouse con entidades colaboradoras. A recepción destas solicitudes e a xestión das mesmas faise de acordo co manual de procedemento establecido polo Fogga.

As solicitudes unificadas PAC-DR recibidas en 2012 distribuíronse como amosa a seguinte gráfica:


Gráfica 2
Distribución solicitudes unificadas PAC-DR. Exercicio 2012



Gráfica 3
Distribución provincial de solicitantes de pagamento único 2012



Gráfica 4
Distribución provincial de importes de pagamento único 2012



As superficies declaradas por 34.868 agricultores para xustificación de 457.649 códigos de dereitos de pagamentos único con superficies ascenderon a 512.025 has, distribuídas en 1.373.657 recintos SIXPAC, cunha media de 0,37 has por recinto e 14,68 ha por expediente, segundo se indica no seguinte cadro:

Provincia	Solicitudes	Nº dereitos solicitados	Recintos/parcelas	Superficie (hectáreas)		
				Total	Has/exp.	Has/recinto
A Coruña	12.783	127.736	355.670	139.669,33	10,93	0,39
Lugo	13.161	222.974	614.694	245.042,54	18,62	0,40
Ourense	4.858	62.081	234.467	79.667,28	16,40	0,34
Pontevedra	4.066	44.858	168.826	47.645,63	11,72	0,28
Galicia	34.868	457.649	1.373.657	512.025	14,68	0,37

Cadro 9
Solicitudes de pagamento único baseado en superficies declaradas. Campaña 2012

Do mesmo xeito, para a xustificación de 5.463 dereitos especiais, baseados en 70.295,37 UGM, 4.377 produtores presentaron as correspondentes solicitudes de acordo coa distribución provincial que se reflicte no cadro inferior:

Provincia	Expedientes	Dereitos especiais	
		Número	UGM
A Coruña	1.047	1.169	14.281,82
Lugo	2.395	3.217	44.869,68
Ourense	229	248	2.077,28
Pontevedra	706	828	9.066,59
Galicia	4.377	5.462	70.295,37

Cadro 10
Solicitudes de pagamento único baseadas en UGM (cabezas gando). Campaña 2012

d) Pagamento das axudas do Réxime de Pagamento Único

Os pagamentos de axuda única por explotación desligada da produción efectuáronse no período comprendido entre o 1 de decembro do ano da solicitude e o 30 de xuño do ano seguinte, 2012 (art. 29 do Regulamento (CE) 73/2009, do Consello).

A Comisión Europea, mediante o Regulamento de Execución (UE) 776/2012 da Comisión do 27 de agosto de 2012, autorizou o pagamento de anticipos nos pagamentos directos. Estes anticipos poderían chegar no pagamento único ata o 50% do importe de axuda.

Cadro 11
Anticipos pagados por aplicación do Regulamento de Execución (UE) 776/2012. Datos campaña 2012

	Agricultores	Importes €
A Coruña	11.192	15.056.178,48
Lugo	10.179	17.375.769,81
Ourense	4.250	4.389.922,37
Pontevedra	3.489	4.312.243,60
Galicia	29.110	41.134.114,26

No seguinte cadro figuran os pagamentos de axuda única de 2012 realizados polo FOGGA ate finais de decembro de 2012, no que se inclúen tamén os importes dos anticipos pagados en outubro, en cada provincia. Trátase dos importes transferidos aos produtores, unha vez descontado o 10% da axuda polo concepto de modulación e o 3% pola aplicación do anexo IV, a aqueles produtores con máis de 5.000€ de pagos directos totais.

Cadro 12
Importe das axudas pagadas a 31 de decembro de 2012

	Agricultores	Importes €
A Coruña	12.544	37.214.627,11
Lugo	13.130	47.356.965,71
Ourense	4.781	11.214.178,81
Pontevedra	4.086	10.320.369,47
Galicia	34.541	106.106.141

Nos seguintes cadros indícanse os agricultores e pagamentos efectuados por dereitos xustificadas con superficies e UGM, respectivamente.

Cadro 13
Pago de axudas baseadas na superficie a 31 de decembro de 2012

	Agricultores	Dereitos	Superficie declarada (ha)	Superficie validada (ha)	Axuda €
A Coruña	12.045	118.805	130.351,49	128.831,13	35.560.085,90
Lugo	12.375	207.338	228.134,04	225.414,83	40.326.432,33
Ourense	4.604	58.489	75.546,27	74.613,57	11.011.087,83
Pontevedra	3.857	42.192	44.785,55	44.346,16	9.109.663,60
Galicia	32.881	426.824	478.817,35	473.205,69	96.007.269,6

Cadro 14
Pago de axudas baseadas
nas UGM a 31 de decembro
de 2012

	Agricultores	UGM período referencia	UGM campaña 2012	Dereitos especiais	Axuda €
A Coruña	949	13.216,42	23.035,62	1.064,00	1.654.541,21
Lugo	2.277	43.558,12	81.672,78	3.072,00	7.030.533,38
Ourense	219	1.969,48	3.724,81	238	203.090,98
Pontevedra	646	7.628,18	15.269,91	738	1.210.705,87
Galicia	4.091	66.372,20	123.703,12	5.112,00	10.098.871,44

A finais de 2012 (dentro, pois, do primeiro mes dos 7 que establece a normativa comunitaria) tiñan percibido en Galicia a axuda do pagamento único 34.541 agricultores dos 39.200 que a solicitaran. O resto dos agricultores -con expedientes pendentes por algún tipo de documentación ou trámite a completar- deberán percibir a axuda, no caso de que finalmente teñan dereito a ela, antes do 30 de xuño de 2013.

Do total de pagamentos efectuados (106.106.141 €), 96.007.269 € (86,86%) pagáronse en función da superficie da explotación que cumpría as condicións para percibir o pagamento único, independentemente da actividade produtiva efectuada nas terras, e 10.098.871 € (13,14%) abonáronse en función das UGM da explotación en 2012, por corresponderse con dereitos especiais dos produtores xustificadas con gando vacún, ovino e cabrún.

2.- MODULACIÓN

Todos os importes dos pagos directos a explotacións no marco da PAC, que deban concederse nun ano natural determinado, redúcese -de acordo co establecido no art. 7 do Regulamento (CE) 73/2009- nas seguintes porcentaxes, segundo o ano:

	Agricultor que supere un importe total de pagos directos	
	>5.000€	>300.000€
2009	7%	11%
2010	8%	12%
2011	9%	13%
2012	10%	14%

A todos os pagos de axudas directas da PAC da campaña 2011, efectuados entre o 16 de outubro de 2011 e o ano 2012, aplicóuselles unha redución do 9% en concepto de modulación.

Cadro 15
Distribución das axudas directas da PAC, segundo contía dos pagos totais por agricultor
Campaña 2011

€ agricultor	Nº agricultores	Importes axudas €
Máis de 25.000	709	25.571.183,49
Máis de 10.000 a 25.000	3.979	59.430.236,40
Máis de 5.000 a 10.000	5.897	41.558.679,75
Máis de 2.500 a 5.000	6.247	22.547.345,86
Máis de 1.000 a 2.500	7.419	12.361.546,95
Máis de 500 a 1.000	5.300	3.812.543,92
Máis de 250 a 500	4.793	1.761.019,10
Máis de 100 a 250	3.305	589.220,87
Menor ou iguala 100	21	1.186,08
Total	42.463	169.393.981,52

3.- CONDICIONALIDADE

A percepción polos agricultores das axudas directas da PAC financiadas polo FEAGA desde o ano 2005 está condicionada ao cumprimento dunha serie de requirimentos (requisitos legais; boas condicións agrarias e medioambientais; e, requisitos mínimos na utilización de abonos e fitosanitarios) que -en conxunto- se agrupan no concepto de condicionalidade.

Coa entrada en vigor do Regulamento (CE) nº 1698/2005 e do Regulamento (CE) nº 1975/2006, os perceptores de certas axudas financiadas polo FEADER tamén pasan a ter a obriga de cumprir coa condicionalidade a partir do ano 2007.

O Decreto 106/2007, do 31 de maio, sobre a distribución de competencias na aplicación e control da condicionalidade en relación ao desenvolvemento rural e ás axudas directas da política agraria comunitaria, actualizado polo Decreto 31/2010, precisa os órganos especializados para desenvolver as actividades de control do cumprimento das boas condicións agrarias e ambientais a que se refire o artigo 6 do Regulamento 73/2009, e do cumprimento dos requisitos legais de xestión, nos ámbitos enumerados no artigo 5 do mesmo Regulamento.

Cada órgano especializado de control realiza as labores de divulgación e información específica sobre as materias nas que é competente, selecciona as explotacións agrarias obxecto de control, efectúa os controis sobre o terreo e emite os informes específicos dos resultados de control que darán lugar ás reducións de axudas directas polos servizos xestores das axudas FEAGA e FEADER.

O FOGGA, como órgano especializado de control, encárgase do cumprimento das obrigas da condicionalidade en relación con:

- Boas condicións agrarias e ambientais.
- Dos requisitos legais de xestión sobre: conservación de aves silvestres; protección de augas subterráneas contra a contaminación causada por determinadas sustancias perigosas; e, conservación dos hábitats naturais de fauna e flora silvestres.

e) Plan de controis sobre o terreo da condicionalidade para 2012

Estableceuse unha metodoloxía de coordinación entre os órganos especializados de control e os servizos xestores das axudas financiadas polo FEAGA e o FEADER, na que o FOGGA centraliza a información dos solicitantes e dos resultados dos controis efectuados.

	Totais		Selección admisibilidade
	FEAGA	FEADER	
A Coruña	13.631	2.547	1.217
Lugo	14.306	8.562	1.578
Ourense	5.185	1.468	378
Pontevedra	4.491	1.923	442
Galicia	37.613	14.500	3.615

Cadro 16
Solicitantes FEAGA e FEADER en 2012

O FOGGA efectúa a selección de agricultores nas materias da súa competencia sobre a mostra de solicitantes xa elixidos para os controis de admisibilidade das axudas correspondentes no 2012. A selección dos mesmos efectúase en base a unha análise de riscos e o nivel de risco asignado a cada agricultor estableceuse en función dos actos e normas a aplicar de acordo coas seguintes características da explotación:

- Relacionados con superficies: solicitantes que declaren superficies, que as dediquen a cultivos de cereal, oleaxinosas ou proteaxinosas, ou pastos permanentes, ubicadas na Rede Natura 2000.

- Relacionados coa gandaría: número de UGM e tipo de gando.


- Outros datos: existencia de denuncias de incumprimentos de requisitos da condicionalidade nos anos 2009, 2010 e 2011 debidamente documentados, e importe das axudas.

Cadro 17
 Controis sobre o terreo da condicionalidade 2012. Distribución por provincias e organismos de control

Organismo de control	A Coruña			Lugo			Ourense			Pontevedra			Total			
	FEAGA	FEADER	V I Ñ E D O	FEAGA	FEADER	V I Ñ E D O	FEAGA	FEADER	V I Ñ E D O	FEAGA	FEADER	V I Ñ E D O	FEAGA	FEADER	V I Ñ E D O	
Subdirección Xeral de Gandería	SPZF	126	18	0	165	87	2	10	9	0	43	23	0	344	137	2
	I&R bovino	303	81	0	457	289	0	89	62	0	100	49	0	949	481	0
	I&R ovino-cabrún	37	5	0	95	41	0	121	54	0	32	7	0	285	107	0
S.X. de Apoio ás Explotacións Agrarias	218	218	0	214	132	4	75	34	3	36	23	7	543	248	14	
FOGGA	184	36	0	178	88	3	61	30	3	55	13	6	478	167	2	

Por outra banda, conforme co establecido no Plan de controis de condicionalidade, o FOGGA levou a cabo unha supervisión e control do 100% das actas de control efectuadas en 2011, nas materias nas que é competente.

Gráfica 5
 Distribución dos controis de condicionalidade. Exercicio 2012
 Total 478



A seguinte táboa especifica o número de solicitantes que incumpriron un determinado acto ou norma de condicionalidade no ano 2011.



Ámbito	Acto/norma	NIFs con incumplimentos
Boas condicións agrarias e ambientais	Mantemento e protección dos pastos permanentes	21
	Prevención invasión vexetación espontánea	7
	Mantemento dos hábitats	4
	Creación franxas de protección en marxes de cursos de auga	3
Saúde pública, zoonidade e fitosanidade	I&R ovino-cabrún	18
	I&B bovino	36
	Comercialización fitosanitarios	26
	Seguridade alimentaria	30
	Requisitos mínimos utilización fitosanitarios (RMAF)	1
Benestar animal	Protección dos xatos	7
	Protección dos porcos	1
	Protección nas explotacións agrarias	9
Medio Ambiente	Conservación aves silvestres	22
	Utilización lodos de depuradora en agricultura	1
	Conservación dos hábitats	2
	Requisitos mínimos utilización de abonos (RMAF)	1
Total solicitantes que incumpriron algún acto ou norma de condicionalidade		169
Total solicitantes que incumpriron coa condicionalidade		126

Cadro 18
Incumprimentos con redución na condicionalidade.
Ano 2011



B) Actuacións en producións agrícolas

1.- A XESTIÓN DE AXUDAS DIRECTAS POR SUPERFICIES ADICADAS A CULTIVOS HERBÁCEOS E FORRAXEIRO

A xestión das superficies declaradas polos agricultores para realizar as solicitudes de axuda baseadas en superficies e contempladas na Orde do 25 de xaneiro de 2012 pola que se regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandería e da indemnización compensatoria, e se convocan as axudas previstas no contrato de explotación sustentable das terras agrícolas no ano 2012, realizouse no marco do Regulamento (CE) 73/2009, do Consello, do 19 de xaneiro de 2009, que inclúe un sistema integrado de xestión e control de determinados réximes de axuda comunitarios.

Para a presentación das solicitudes contouse coa colaboración de entidades financeiras, cooperativas e entidades de aconsellamento.

Nas solicitudes de axuda por superficies decláranse todas as parcelas da explotación coas súas referencias SIXPAC.

Cadro 19
Declaración de superficies.
Datos campaña 2012

Provincia	Expediente	Recintos/ parcelas	Superficie (Hectáreas)		
			Total	Has./ Expediente	Has./ Recinto
A Coruña	13.364	385.705	156.448,40	11,71	0,41
Lugo	14.022	696.303	271.557,62	19,37	0,39
Ourense	5.114	268.617	89.669,07	17,53	0,33
Pontevedra	4.334	213.617	56.698,59	13,08	0,27
Galicia	36.834	1.564.242	574.373,68	15,59	0,37

Plans de control

No marco do plan nacional de controis de axudas por superficie redactado polo FEGA, o FOGGA estableceu o plan de controis administrativos e sobre o terreo das axudas directas da PAC baseadas en superficies e da Indemnización Compensatoria en Galicia.


O control administrativo inclúe o cruzamento das parcelas declaradas e superficies entre sí e cos datos existentes no SIXPAC, co fin de asegurar que a referencia identificativa existe e que para unha mesma superficie non se concede máis dunha axuda.

Como resultado da aplicación dos plans de controis anteriores, a distribución por tipo de cultivo e cultivo das superficies validadas na campaña 2012 en Galicia é a que se reflicte no cadro seguinte.

Tipo de cultivo e cultivo	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
·Superficies forraxeiras					
Pastos con arboredo	64.524,89	135.376,55	15.122,85	23.586,22	238.610,51
Pastos arbustivos	21.006,51	51.216,99	41.999,42	15.337,80	129.560,72
Outros pastos permanentes	15.212,26	37.949,68	9.918,74	4.524,83	67.605,51
Pradarías de menos de 5 anos	1.602,28	5.606,98	1.666,84	645,84	9.521,94
Total Superficies forraxeiras	102.345,94	230.150,20	68.707,85	44.094,69	445.298,68
·Cultivos herbáceos					
Millo	38.750,57	19.584,81	1.162,17	4.848,34	64.345,89
Trigo	1.142,84	1.855,97	8.436,86	252,30	11.687,97
Outros cereais	476,40	530,03	2.564,53	34,76	3.605,72
Patacas	634,96	815,82	2.692,98	102,30	4.246,06
Outros cultivos herbáceos	417,87	643,77	241,43	166,31	1.469,38
Total Cultivos herbáceos	41.422,64	23.430,40	15.097,97	745,01	85.355,02
·Cultivos leñosos					
Viñedo para vinificación	37,95	87,29	257,94	658,58	1.041,76
Froiteiras	64,30	900,59	567,86	225,33	1.758,08
Total Cultivos leñosos	102,25	987,88	825,80	883,91	2.799,84
Outras superficies con axuda	96,29	205,22	1.836,33	17,71	2.155,55
Outras superficies sen axuda	10.771,01	14.298,03	2.364,12	5.765,42	33.198,58
SUPERFICIE TOTAL VALIDADA	154.738,13	269.071,73	88.832,07	56.165,74	568.807,67

Cadro 20
Superficies validadas por tipo de cultivo e cultivo. Datos da campaña 2012

A distribución das superficies anteriores segundo o tipo de cultivo pódese ver na seguinte gráfica:




Gráfica 6
Grupos de cultivo e superficies validadas en cultivos herbáceos non forraxeiras (hectáreas). Campaña 2012


Como consecuencia dos controis administrativos no ano 2012, remitíronse 7.891 comunicacións a produtores coa finalidade de que puidesen xustificar, se era o caso, o motivo das incoherencias rexistradas.

En función dos resultados dos controis dos anos anteriores e do número de solicitudes recibidas no 2012, realizouse o control sobre o terreo de 2.518 produtores e 60 montes veciñais ou superficies forraxeiras de uso en común, a fin de verificar que os cultivos e aproveitamentos e as superficies declaradas correspondían coas efectivamente existentes.

Gráfica 7
Explotacións con axudas por superficies inspeccionadas en 2012




Gráfica 8
Superficies forraxeiras de uso común inspeccionadas en 2012



a) A xestión das superficies forraxeiras

As declaracións de superficies nas solicitudes de axudas inclúen superficies forraxeiras de usos en común.

Para a declaración polos produtores destas superficies de uso común é necesario que os responsables da xestión desa superficie emitan certificados a cada gandeiro relativos á superficie e usos que, proporcionalmente, lle corresponden en relación co resto de gandeiros. Ademais, o responsable debe declarar as parcelas, superficie e tipo de pasto que se están a utilizar en común



Gráfica 9
Superficies forraxeiras (hectáreas) de uso común validadas, declaradas polos produtores, por provincias. Campaña 2012

Provincia	Prados ou praderías	Pasto arbustivo ou con arboredo	Total superficie
A Coruña	325,51	4.343,87	4.669,38
Lugo	6.24,92	13.523,72	19.548,64
Ourense	138,16	11.391,82	11.529,98
Pontevedra	171,74	8.724,04	8.895,78

Provincia	Nº montes	Prados ou praderías	Pasto arbustivo ou con arboredo	Total superficie
A Coruña	36	379,76	6.580,4	6.960,16
Lugo	439	6.782,83	21.396,57	28.179,40
Ourense	263	509,38	59.948,77	60.458,15
Pontevedra	112	199,26	17.283,68	17.482,94
Galicia	850	7.871,23	105.209,42	113.080,65

Cadro 21
Superficies forraxeiras (hectáreas) de uso común validadas, declaradas polos responsables dos montes, por provincias. Campaña 2012

c) Programa nacional para a calidade dos legumes

Establecido no Real Decreto 66/2010, do 29 de xaneiro, no marco do previsto no número 1, letra a) inciso ii) do artigo 68 do Regulamento (CE) 73/2009.

Obxecto: fomento e defensa dunha produción de calidade no sector dos legumes.

Poderá acollerse a esta axuda a superficie dedicada á produción de leguminosas de gran de consumo humano e rexistrada ou en trámite de rexistro en denominacións de orixe protexidas, indicacións xeográficas protexidas, que se producen no marco da agricultura ecolóxica ou en denominacións de calidade diferenciada recoñecidas a nivel nacional ou privado e enumeradas, o 31 de marzo de 2012.

Sistemas de calidade recoñecidos en Galicia:

- Indicación xeográfica protexida - Faba da Lourenzá (Lugo)
- Agricultura ecolóxica (Lugo)

Cadro 22
Número de solicitantes, superficies declaradas e validadas e pagamentos previstos por sistema de calidade.
Campaña 2012

Sistema de calidade	Nº de solicitantes	Superficie		Pagamentos previstos	
		Determinada (ha)	Validada (ha)	Importe previsto (€)	Axuda media solicitante (€)
IXP-(Faba de Lourenzá)	15	25,22	24,64	1.680,00	112,00
Agricultura ecolóxica	1	0,54	0,50	50,00	50,00
Galicia	16	25,76	25,14	1.730,00	108,13



D) Xestión do sistema de información xeográfica de parcelas agrícolas (SIXPAC)

Dende o seu establecemento en 1993, sistema integrado de xestión e control de axudas directas a explotación da PAC estivo composto polas solicitudes de axuda e por un sistema alfanumérico de identificación de parcelas, o que permitía a realización de controis administrativos e sobre o terreo.

No caso español, até 2004 o sistema de identificación de parcelas correspondía ás referencias catastrais pero, a partires do 2005 -por obriga regulamentaria da UE- introduciuse un novo sistema gráfico dixital de identificación de parcelas, o denominado Sistema de Información Xeográfica de Parcelas Agrícolas (SIXPAC).

Provincia	Solicitudes		Tipo de modificación (*)				
	Expediente	Recintos/ parcelas	Tipo 1	Tipo 2	Tipo 3	Tipo 4	Tipo 5
A Coruña	1.094	2.948	2.272	0	507	0	169
Lugo	2.407	6.458	5.121	0	1.241	0	96
Ourense	324	1.070	988	0	81	0	1
Pontevedra	540	1.931	1.321	0	362	2	246
Galicia	4.365	12.407	9.702	0	2.191	2	512

Cadro 23
Solicitudes de modificación do SIXPAC tramitadas. Campaña 2012

* Descrición dos tipos de modificación:

Tipo 1: Cambio de uso nun recinto completo.

Tipo 2: Cambio de sistema de explotación.

(secaño/regadío) nun recinto completo.

Tipo 3: Partición dun recinto para cambiar o uso en parte del.

Tipo 4: Partición dun recinto para cambiar o sistema de explotación (secaño/regadío) en parte del.


Tipo 5: Existencia de parcela situada en zona urbana que ten un uso agrícola.

Actuacións para o mantemento do SIXPAC.

Os usos dos recintos no SIXPAC pretenden reflectir a realidade do terreo en cada momento nas parcelas obxecto de declaración na PAC, polo que a alteración dos usos que se produzan nesas parcelas deben ser comunicadas polos agricultores á Administración mediante as correspondentes solicitudes de actualización do SIXPAC, e tamén poden presentar alegacións para que se corrixa posibles erros que eles detecten na asignación inicial dos usos.

Con independencia das solicitudes presentadas, as inspeccións sobre o terreo realizadas polo FOGGA sobre as parcelas declaradas nas solicitudes de axuda PAC son tamén fonte de actualización do SIXPAC, cando se detecta no campo que o uso asignado non se corresponde coa realidade.

Gráfica 9
Actualizacións do SIXPAC non solicitadas, baseadas en controis da xestión de axudas. Campaña 2012



Total actualizacións: 30.371

Cadro 24
Cambios de uso en recintos SIXPAC tramitados. Campaña 2012

Uso anterior	Uso actualizado										Total
	FO	FY	IV	OF	PA	PR	PS	TA	TH	VI	
AG - correntes de auga							1			1	2
CA - vías		5			3	19	2	45		17	91
ED - edificacións						1		1		2	4
FO - forestal		97	1		831	1.299	391	2.318	19	315	5.271
FY - froiteiras	32				38	5	12	40		36	163
IM - improditivos	2	3			6	37	31	136	9	19	243
IV - invernaoiros						1					1
PA - pasto con arboredo	4	18				1	26	165	3	44	261
PR - pastos arbustivo	33	75			16		616	3.467	55	144	4.406
PS - pasteiros	265	43			54	168		38		22	590
TA - terra arable	339	60		1	39	167	20	2	2	189	819
TH- horta	1						1				2
VI - viñado	4					1	4	31	2		42
ZU - zona urbana	1				1	3	99	382	7	19	512
Total	681	301	1	1	988	1.703	1.202	6.625	97	808	12.407



2.- HORTOFRUTÍCOLA

A) Programa de distribución gratuíta de retiradas de froitas e hortalizas en entidades benéficas

As actuacións neste sector realízanse a través das Organizacións de Produtores de Froitas e Hortalizas. En Galicia existen dúas organizacións de produtores recoñecidas aque non fixeron reparto de froitas no ano 2012, pero entidades benéficas con domicilio na Comunidade Autónoma benefíciáanse da distribución de froitas e hortalizas obxecto de retirada do mercado.


O FOGGA proponlle ao FEGA os centros benéficos receptores destes produtos e efectúa, en ditos centros, os correspondentes controis de recepción. Os centros propostos polo FOGGA asinan convenios de colaboración coas diferentes organizacións de España, a través das que se reciben os diferentes produtos.

Da distribución gratuíta de froitas e hortalizas procedentes de retiradas do mercado benefíciáronse en Galicia 269 entidades, nas cales o FOGGA realizou a verificación da recepción e utilización das froitas e hortalizas (219 controis), segundo se indica no seguinte cadro:

Provincia	Entidades benéficas (número)	Controis realizados (número)	Cadro 25 Entidades benéficas beneficiadas e controis realizados por provincia.
A Coruña	92	178	
Lugo	25	16	
Ourense	90	8	
Pontevedra	62	17	
Galicia	269	219	



Gráfica 10
Resumo provincial de
produtos distribuídos.
Campaña 2012



B) Programa de axudas para a distribución de froita fresca ao alumnado de centros escolares

Para o curso 2011-2012 este programa xestionouse no marco da Resolución do FOGGA do 13 de maio de 2011 pola que se regula o procedemento para a concesión de axudas para a distribución de froitas frescas ao alumnado de centros escolares. Pódense beneficiarse desta axuda os alumnos que asisten regularmente aos centros escolares -con sede en Galicia- recoñecidos oficialmente, de segundo ciclo de educación infantil, primaria e secundaria obrigatoria.

A axuda concédese para a lista de produtos incluídos no Plan de Consumo de Froita nas Escolas. A axuda máxima é de 0,25€ por alumno e día lectivo.

CADRO 26
Axuda certificada de froita
fresca e cantidades sub-
ministradas. Curso 2011-2012

Provincia	Importe pagado €	Cantidades subministradas aos alumnos (quilos)				
		Mandarinas	Mazás	Peras	Plátanos	Otras
A Coruña	31.854,10	4.191	6.367	3.497	5.173	6.023
Lugo	10.693,52	1.143	1.975	1.463	2.245	1.696
Ourense	10.737,77	1.505	2.372	1.605	1.825	2.212
Pontevedra	54.120,70	7.366	10.004	7.344	9.506	7.907
Galicia	107.406,09	14.205	20.718	13.909	18.749	17.838

Aínda que o orzamento imputable para o curso 2012-2013 é de 131.000 €, o importe máximo das axudas solicitadas polos centros escolares foi de 130.542,50 €, segundo se pode ver no seguinte cadro:

Provincia	Nº centros escolares	Alumnos	Importe máximo da axuda solicitada €
A Coruña	90	21.116	43.677,50
Lugo	43	6.377	15.693,75
Ourense	29	5.783	13.535,00
Pontevedra	118	27.100	57.636,25
Galicia	280	60.376	130.542,50

Cadro 27
Centros escolares, alumnos e importes das axudas solicitadas por provincia. Curso 2012-2013

3.- PORCINO

O Regulamento (CE) nº 1234/2007 do Consello, establece que a carne de porcino poderá ser obxecto de intervención en determinadas condicións, dunha axuda facultativa para o almacenamento privado ou de medidas especiais de intervención mediante un apoio ao mercado por restricións no comercio derivadas da aplicación de medidas para loitar contra a propagación de enfermidades ou por perda da confianza dos consumidores por riscos para a saúde pública ou a sanidade animal.

* Resultados da xestión da axuda

Durante o ano 2012 non houbo axudas ao almacenamento privado de carne de porcino.

4.- LEITE E PRODUTOS LÁCTEOS

O elemento fundamental para a regulamentación do sector do leite e dos produtos lácteos é o réxime aplicado á produción e comercialización, baseados nas cotas. A UE fixa para cada Estado membro (EE.MM) as cantidades máximas garantidas para a comercialización de leite para cada campaña. No caso de que un EE.MM supere as cantidades de referencia está establecida unha taxa sobre o volume de leite que se comercialice por encima desas cantidades de referencia.

a) Taxa suplementaria no sector lácteo.

A aplicación do réxime de cotas fai necesaria a asignación de cantidades de referencia individuais (cotas) aos produtores, de maneira que a suma delas non exceda as cantidades máxima garantidas para o EE.MM.

Elementos base no réxime de cotas:

- Asignación, reasignación e anulación de cotas a produtores.
- Xestión da reserva nacional de cotas.
- Transvase de cotas de venda directa a cotas de entrega a compradores.
- Transferencias de cotas.
- Cesións temporais de cota.

Desde a perspectiva de xestión da taxa láctea considéranse elementos fundamentais:

- Autorización de compradores de leite.
- Declaración de compras e vendas feitas polos compradores.
- Declaracións de vendas dos gandeiros con cota para venda directa.

Balance da campaña láctea 2011-2012

a. Produtores de leite en Galicia

Os períodos a efectos de réxime da taxa láctea, teñen o seu inicio o 1 de abril e rematan o 31 de marzo do ano seguinte. Polo tanto, o 31 de marzo de 2012 rematou o período 2011-2012.

Cadro 28
Distribución de produtores
e cota en Galicia correspon-
dente ao final da campaña
2011-2012

Provincia	Produtores	Cota(Tn)	Tn/Produtor
A Coruña	4.729	978.466,976	206,908
Lugo	4.707	1.091.306,116	231,847
Ourense	107	18.631,142	174,123
Pontevedra	1.761	269.745,307	153,177
Galicia	11.304	2.358.149,541	208,612

En relación cos produtores con venda directa, indicase a súa distribución na seguinte táboa:

Provincia	Produtores	Cota (tn)	Tn/produtor
A Coruña	99	4.794.670	4.282.112
Lugo	15	1.115.673	983.098
Ourense	1	70.000	31.000
Pontevedra	10	97.207	95.055
Galicia	125	6.077.550	5.391.686

No relativo ao tamaño das explotacións de leite de Galicia, indícase no cadro seguinte a situación a finais da campaña 2011-2012:

	Produtores	Cota (tn)
1 a 25	1.190	16.946,056
25 a 50	1.340	49.868,554
50 a 75	1.093	69.009,396
75 a 200	3.780	486.442,691
200 a 300	1.510	366.807,889
>300	2.391	1.369.074,955
TOTAL	11.304	2.358.149,541

Cadro 29
Distribución de produtores de leite con venda a compradores e cota, segundo cota por produtor. Datos final período 2011-2012

b. Compradores de leite en Galicia

No cadro seguinte resúmese a información dos compradores de leite que actuaron en Galicia, no período 2011-2012, segundo o seu domicilio social.

	Compradores	Gandeiros	Entregas	
			Nº	Tn
Galicia	63	8.906	9.472	1.568.877,989
Resto estado	121	2.787	2.828	767.900,403
Total	75	11.693 (*)	12.300	2.336.778,392

Cadro 30
Compradores de leite en Galicia, segundo o seu domicilio social. Datos final período 2011-2012

(*) Total de produtores con entregas a compradores de Galicia e resto de España. Existen casos de produtores que entregan aos dous tipos de compradores, razón pola que este dato é superior ao número de produtores reais de Galicia: 11.304.



No cadro seguinte resúmese, por cantidade comprada en Galicia, a distribución de compradores e cantidades adquiridas no período 2011-2012.

Cadro 31
Distribución de compradores e cantidades adquiridas, segundo o seu domicilio social. Datos final período 2011-2012

T/período	Domicilio social en Galicia			Domicilio social fóra de Galicia		
	Compradores	Nº entregas	Entregas (kg)	Compradores	Nº entregas	Entregas (kg)
<100	4	5	278.329	0	0	0
100 a 500	4	23	790.967	1	1	230.054
500 a 1000	3	76	2.191.741	1	4	598.301
1000 a 10000	24	1.371	122.844.881	2	33	9.452.808
10000 a 50000	23	3.341	441.675.832	2	247	58.769.562
50000 a 1000000	1	377	75.734.037	4	1.090	289.501.471
>1000000	4	4.279	925.362.202	2	1.440	409.348.207
TOTAL	63	9.472	1.568.877.989	12	2.828	767.900.403

c. Controis relativos á taxa láctea

Os controis realizados polo FOGGA no ano 2012 no marco da encomenda de xestión, no relativo á taxa láctea, enmárcanse no plan de control establecido polo FEGA para as declaracións de compras efectuadas polos compradores na campaña 2010-2011 e das entregas feitas polos gandeiros e transporte de leite realizado no período 2011-2012, que rematou o 31 de marzo deste último ano.

	Número	Compras (tn)
A Coruña	21	542.988,506
Lugo	28	943.207,875
Ourense	3	526,193
Pontevedra	11	82.155,415
Galicia	63	1.568.877.989

A normativa comunitaria aplicable establece que o número de controis a realizar non poderá ser inferior ao 40% da cantidade de leite declarado no período. A selección de empresas compradoras a controlar realizouna o FEGA mediante unha análise de risco no que interveñen máis de 10 criterios. No caso de gandeiros con vendas directas, a normativa establece que o número de controis non poderá ser inferior ao 5% dos produtores con cota para venda directa. A selección, feita tamén polo FEGA, tivo en conta criterios de risco.

No cadro seguinte resúmense os controis de taxa realizados en Galicia.

Provincia	Compradores/operadores		Produtores			Transporte
	Compradores	Compras (tn)	Operadores	Venda directa	Venda industrias	
A Coruña	7	295.453,536	3	2	113	63
Lugo	8	399.085,134	1	0	85	60
Ourense	0	0,000	0	0	5	3
Pontevedra	1	97,279	1	0	24	15
Galicia	16	694.635,967	5	2	227	141

Cadro 32
Distribución provincial dos controis da taxa no sector lácteo. Compradores: campaña 2010-2011. Gandeiros e transportistas: campaña 2011-2012

A parte destes controis, e tamén en relación coa taxa láctea, o FOGGA realizou funcións de asesoramento a compradores en relación coas altas, baixas e declaracións de compras e doutro tipo que deben efectuar ao FEGA.

d. Liquidación da taxa láctea

No mes de agosto de 2012 o FEGA realizou liquidación da taxa correspondente á campaña 2011-2012, da que inclúe un resumo no cadro inferior para o conxunto do Estado e tamén a correspondente aos produtores con explotación na Comunidade Autónoma de Galicia.



Cadro 33
Balance da liquidación da
taxa láctea. Entregas e
compradores. Campaña
2011-2012

	España	Galicia	G/E (%)
ENTREGAS A COMPRADORES			
Produtores con entregas	20.234	11.304	55,87%
Cota láctea (EC) (t)	6.362.294	2.358.150	37,06%
Entregas axustadas (t)	6.169.343	2.336.778	37,88%
SOBRANTES DE COTA			
Produtores	12.999	6.908	53,14%
Cota sobrante (t)	444.416	174.819	39,34%
REBASAMENTO DE COTA			
Produtores	7.235	4.396	60,76%
Rebasamento (t)	359.572	153.448	42,68%
BALANCE(sobrante - rebasamento) (t)	-84.844	-21.371	25,19%
LIQUIDACIÓN DESPOIS DA COMPENSACIÓN			
Cantidade (t)	0	0	
Importe (€)	0	0	
RETENCIÓNS A CONTA			
Produtores	0	0	
Importe (€)	0	0	
PRODUTORES CON TAXA PARA PAGAR			
Número	0	0	
Importe (€)	0	0	

e) Axudas á subministración de leite nos centros escolares

O procedemento para a tramitación e concesión das axudas contido na Resolución do FOGGA do 30 de decembro de 2011 pola que se regula o procedemento para a concesión das axudas para a subministración aos alumnos de centros escolares de leite e determinados produtos lácteos e se convocan para o ano 2012.

Poden beneficiarse desta axuda os alumnos que asistan regularmente aos centros escolares, recoñecidos oficialmente, de educación infantil, primaria e secundaria.


A axuda a poden solicitar os centros, as autoridades educativas para os alumnos que teñan baixo a súa xurisdición, os provedores e as organizacións que actúen en nome dun ou máis centros escolares e que estean constituídas para este

fin. A axuda concédese para leite, leite chocolateado ou con zume de froitas ou aromatizado, iogur de sabores ou con froitas e queixo por unha cantidade global máxima de 0,25 litros de equivalente de leite por alumno e día lectivo e deben consumirse nas dependencias dos centros escolares.

Importe unitario das axudas:

- Leite e iogures de sabores: 18,15€/100 kg.
- Iogures con froitas: 16,34€/100 kg.
- Queixo:
 - Queixos frescos e transformados, aromatizados ou non, que conteñan un 90% en peso de queixo: 54,45€/100 kg.
 - Demais queixos: 138,85€/100 kg.

Os produtos subministrados foron, principalmente, leite e queixos e en menor proporción iogures, segundo se indica na seguinte gráfica.



Gráfica 11
Distribución provincial dos produtos subministrados

Provincia	Leite	Iogures	Queixos
A Coruña	173.912	4.283	48.275
Lugo	12.128	0	1.950
Ourense	14.592	456	604
Pontevedra	17.354	0	2.431

Cadro 34
Centros escolares e alumnos participantes no programa de leite escolar. Período 1 de setembro de 2011 a 31 de agosto de 2012

Provincia	Nº centros escolares	Alumnos
A Coruña	113	25.988
Lugo	4	807
Ourense	10	1.491
Pontevedra	18	3.129
Galicia	145	31.405

Cadro 35
Distribución provincial das axudas á utilización de leite e produtos lácteos en centros escolares. Período 1 de setembro de 2011 a 31 de agosto de 2012

Provincia	Nº expedientes	Tn	Euros
A Coruña	39	226,470	41.197,83
Lugo	20	14,078	2.613,46
Ourense	33	15,652	2.824,65
Pontevedra	21	19,785	3.555,57
Galicia	113	275,985	50.191,51

f) Axuda ao almacenamento privado de manteiga

A situación desfavorable dos prezos de mercado fixo que o 1 de marzo de 2012 se abrirá o almacenamento privado de manteiga, permanecendo aberto ata o 15 de agosto.

Importes de axuda

- 14,88 € por tonelada almacenada para gastos fixos de almacenamento.
- 0,26 € por tonelada e día de almacenamento contractual.

* Pagamento de axuda

Catro empresas solicitaron axuda polo almacenamento privado de 876 toneladas de manteiga, por un importe de 45.738,20 €.

A finais de 2012 non había existencias de manteiga en réxime de almacenamento privado.

g) Intervención de produtos lácteos

A evolución dos prezos de mercado no sector lácteo no ano 2012 non fixo necesaria a realización de compras de intervención de manteiga e leite descremado en pó.

C) Actuacións en producións gandeiras

As axudas gandeiras descritas nesta sección solicitáronse mediante o procedemento de solicitude unificada. O prazo de solicitude foi do 1 de febreiro ao 3o de abril de 2012.

Para a presentación desta solicitude contouse con entidades colaboradoras. A recepción destas solicitudes e a xestión das mesmas faise de acordo co manual de procedemento establecido polo Fogga.

1.- VACÚN DE CARNE

a) Vacas nutrices

Requirimentos:

•Os produtores, que teñen que ser titulares de dereitos individuais, deben manter un rabaño para a cría de xatos, non deben vender leite e, en caso de facelo, a súa cantidade de referencia individual (cota láctea) dispoñible a 31 de marzo sexa inferior ou igual a 120.000 kg.

•Compromisos a adaptar: manter na súa explotación, durante un mínimo de seis meses consecutivos a partir do día seguinte ao da presentación da solicitude, un número de vacas nutrices polo menos igual ao 60% do número total de vacas e xovencas polo que se solicita a axuda, e un número de xovencas que sexa igual ou inferior ao 40% do total.

•Os beneficiarios da prima por vaca nutriz obteñen unha prima complementaria para idéntico número de cabezas. Este importe é financiado polo FEAGA naquelas explotacións localizadas en rexións que, como Galicia, son obxectivo 1 (actualmente, Obxectivo Convergencia).

Provincia	Solicitudes	Cabezas	Cabezas/solicitud
A Coruña	4.086	39.056	9,56
Lugo	6.336	102.847	16,23
Ourense	1.299	20.470	15,76
Pontevedra	1.172	10.816	9,23
Galicia	12.893	173.189	13,43

Cadro 36
Solicitudes de primas por vaca nutriz segundo provincia. Campaña 2012

A percepción de dereitos de axuda por vaca nutriz está condicionada á dispoñibilidade de dereitos polo produtor en número igual ou superior aos animais polos que solicita prima.

Coa finalidade de equilibrar animais solicitados e dereitos dispoñibles realizáronse as seguintes transferencias ou cesións de dereitos de prima por vaca nutriz, coma se reflicte no cadro inferior.

Cadro 37
Transferencias ou cesións de dereitos de prima por vaca nutriz. Campaña 2012

Provincia	Transferencias				Cesións		Total	
	Con explotación		Sen explotación		Solici.	Dereitos	Solicit.	Dereitos
	Solicit.	Dereitos	Solicit.	Dereitos				
A Coruña	76	474,30	205	713,10	48	141,20	329	1.328,60
Lugo	195	2.152,60	328	1.395,00	125	417,30	648	3.964,90
Ourense	25	434,70	101	269,40	25	91,30	151	795,40
Pontevedra	10	66,20	52	146,60	17	58,90	79	271,70
Galicia	306	3.127,80	686	2.524,10	215	708,70	1.207	6.360,60

Despois da realización das retiradas de dereitos por non utilización e das transferencias para a campaña 2012, a distribución provincial queda como se indica no seguinte cadro:

Cadro 38
Distribución provincial de produtores e dereitos de prima por vaca nutriz. Datos campaña 2012

Provincia	Produtores	Dereitos	Dereitos por produtor
A Coruña	3.148	21.760,20	6,91
Lugo	5.838	69.384,40	11,88
Ourense	1.308	12.301,10	9,40
Pontevedra	811	5.459,60	6,73
Galicia	11.105	108.905,30	9,81

Cadro 39
Distribución de produtores de vacas nutrices segundo dereitos por produtor. Campaña 2012

Rango (dereitos/produtor)	Produtores	Dereitos
De 0,1 a 5	5.055	13.293,80
De 5,1 a 10	2.718	20.131,30
De 10,1 a 20	2.050	29.527,20
De 20,1 a 50	1.102	32.595,80
De 50,1 a 100	160	10.230,90
Máis de 100	20	3.216,30
Total	11.105	108.995,30

* Plans de controis

•Controis administrativos: Relativos á verificación de documentación e a súa posterior gravación efectúanse no menor tempo posible para que as inspeccións sobre o terreo poidan realizarse no período de retención.

•Controis sobre o terreo:

-Fanse simultaneamente para a prima por vaca nutriz, pago adicional por vacas nutrices, a prima por sacrificio se as ten solicitadas a explotación no momento de efectuar o control sobre o terreo e as novas axudas específicas para compensar as desvantaxes específicas que afectan aos agricultores do sector lácteo en zonas economicamente vulnerables a de fomento da produción de produtos lácteos de calidade;

-Teñen que ser como mínimo dun 5% dos solicitantes de primas por gando vacún;

-Deben incluír como mínimo un 5% dos animais solicitados para cada réxime de axuda.

Provincia	Explotacións		Animais									
	Solicitadas	Controladas	Nutrices		Adic. nutrices		Mellora calid. carne		Vulnerabilidade sector lácteo		Mellora calidade do leite	
			Solic.	Contr.	Solic.	Contr.	Solic.	Contr.	Solic.	Contr.	Solic.	Contr.
A Coruña	10.086	618	39.056	8.417	51.292	8.899	8.286	1.887	141.175	21.705	118.127	26.028
Lugo	11.941	785	102.847	19.943	115.050	20.366	46.565	7.021	149.834	12.037	90.138	9.683
Ourense	1.715	101	20.470	4.770	22.924	4.866	24.960	1.686	2.855	1.85	561	217
Pontevedra	3.189	199	10.816	2.050	14.343	2.198	3.356	6.53	39.527	6.003	19.995	2.718
Galicia	26.931	1.703	173.189	35.180	203.609	36.329	83.167	11.247	333.391	39.930	228.821	38.646

Cadro 40
Explotacións de vacún e animais solicitados e controlados (sobre o terreo).
Campaña 2012

* Pagos de axudas aos produtores de vacas nutrices

No ano 2012 realizáronse os pagos do 100% dos importes das axudas a produtores de vacas nutrices que as solicitaron nese mesmo ano.

No ano 2012 tamén se pagou o 20% pendente da campaña 2011 das axudas aos produtores de vacas nutrices. Este ano se presentan os datos das dúas campañas xa que non foron presentados na memoria do 2011.

En consecuencia, na campaña 2011 pagouse un total de 21.706.285 euros a 10.869 beneficiarios. No ano 2012, pagouse un total de 20.413.662 euros a 10.048 beneficiarios que solitaron para esa campaña.

Cadro 41
Distribución provincial de produtores, cabezas e importes pagados no 2011 e 2012 das solicitudes presentadas na campaña 2011

Provincia	Produtores	Cabezas	Importes pagados (€)		
			Prima base	Prima complementaria	Pagos totais
A Coruña	3.039	21.587,6	3.976.807,17	461.770,01	4.438.577,18
Lugo	5.790	69.453,7	12.361.915,77	1.455.774,13	13.817.689,90
Ourense	1.280	12.139,3	2.138.114,14	255.136,20	2.393.250,34
Pontevedra	760	5.278,5	945.276,13	111.491,77	1.056.767,90
Galicia	10.869	108.459,1	19.422.113,2	2.284.172,1	21.706.285,32

Cadro 42
Distribución provincial de produtores, cabezas e importes pagados no 2012 das solicitudes presentadas na campaña 2012

Provincia	Produtores	Cabezas	Importes pagados (€)		
			Prima base	Prima complementaria	Pagos totais
A Coruña	2.733	19.876,9	3.555.540,59	422.383,07	3.977.923,66
Lugo	5.430	66.928,3	11.784.296,00	1.386.491,22	13.170.787,22
Ourense	1.189	11.596,6	2.034.827,66	241.327,69	2.276.155,35
Pontevedra	696	4.996,2	884.216,92	104.579,55	988.796,47
Galicia	10.048	103.398,0	18.258.881,2	2.154.781,5	20.413.662,70

b) Prima por sacrificio de bovinos

Os produtores de gando vacún poden solicitar a prima por sacrificio cando os seus animais se sacrifiquen no interior da UE ou se exporten vivos a un terceiro país. Son subvencionábeis os bovinos que na data de sacrificio:

- Teñan polo menos oito meses de idade (prima polo sacrificio de bovinos adultos).
- Teñan máis dun mes e menos de oito meses e un peso en canal inferior a 185 kg. (prima polo sacrificio de bovinos “tipo tenreiro”).

O produtor debe manter na súa explotación cada animal polo que solicita axuda durante un período de retención mínimo de dous meses, sempre que este finalizase no prazo máximo dun mes antes do sacrificio.

A partir da campaña 2006 integrouse no pagamento único o 60% da prima por sacrificio de adultos.

Prima por vaca nutriz	Aprox. (€/cabeza)
Concepto	
Prima base por vaca	186
Prima nacional complementaria	22,46

Esta axuda integrouse definitivamente no pagamento único na campaña 2012, polo que a partir desta campaña xa no está incluída na solicitude unificada.

*** Pagos de axudas a produtores que solicitaron prima por sacrificio**

No ano 2012 efectuáronse os pagos correspondentes ao 2011 aos produtores que solicitaron prima por sacrificio. No seguinte cadro indícase a distribución provincial de produtores e cabezas primadas segundo o tipo de animal sacrificado e total de prima. Como se pode comprobar, a prima de sacrificio de adultos supón o 94,62% do total pagado e a prima por sacrificio de animais xoves, de menos de 8 meses, o 5,38%.

Provincia	Produtores	Terneiros		Adultos	
		Cabezas	Importes pagados	Cabezas	Importes pagados
A Coruña	10.439	10.550	104.758,65	74.824	1.593.213,65
Lugo	11.786	12.471	121.549,91	116.216	2.398.632,86
Ourense	1.714	3.219	31.044,19	35.251	711.324,94
Pontevedra	3.192	3.439	33.940,31	19.486	416.275,11
Galicia	27.131	29.679	291.293	245.777	5.119.447

Cadro 43
Distribución provincial de produtores e cabezas primadas segundo o tipo de animal sacrificado e total de prima

C) Axuda para compensar as desvantaxes específicas que afectan aos agricultores que manteñen vacas nutrices (art. 68 Regulamento (CE) 73/2009)

Obxectivo: Conceder unha axuda específica aos agricultores que manteñan vacas nutrices, coa finalidade de compensar as desvantaxes específicas que afectan a estas explotacións.

Requirimentos:

- Poden solicitala todos os agricultores que manteñan vacas nutrices
- Non é necesario ter dereitos de prima de vaca nutriz asignados.
- Cumprir co requirimento de carga gandeira inferior a 1,5 UGM/ha cando a explotación teña máis de 15 UGM.

Provincia	Solicitudes	Cabezas	Cabezas/solicitude
A Coruña	6.580	51.292	7,8
Lugo	8.239	115.050	14,0
Ourense	1.534	22.924	14,9
Pontevedra	1.940	14.343	7,4
Galicia	18.293	203.609	11,1

Cadro 44
Solicitudes de axuda para compensar as desvantaxes específicas que afectan aos agricultores que manteñen vacas nutrices. Datos campaña 2012

* Plan de controis

Axuda incluída no plan de controis administrativos e sobre o terreo de primas gandeiras da Comunidade Autónoma de Galicia para a campaña 2012, téndose realizado os controis indicados no cadro 31 .

* Pagamento de axuda

De acordo co establecido no artigo 28 do Regulamento (CE) 1782/2003, o pagamento destas axudas solicitadas efectuarase no período comprendido entre o 1 de decembro do ano de solicitude e o 30 de xuño do ano seguinte.

No 2012 realizáronse os pagos correspondentes ás solicitudes de pagamento adicional aos produtores que manteñan vacas nutrices presentadas no ano 2011. Ademais, no ano 2012 se pagou o 80% do importe das axudas solicitadas na mesma campaña.

O FEAGA estableceu os importes unitarios de prima a aplicar en:

Prima por vaca nutriz		
Concepto	2011 € cabeza	2012 € cabeza provisionais
Primeiras 40 cabezas	32,37724264	32,14659588
De 41 a 70 cabezas	21,58482843	21,43106392
De 71 a 100 cabezas	10,79241421	10,71553196

A estes importes descontóuselles en concepto de modulación un 9% e un 10%, nas campañas 2011 e 2012 respectivamente, aos produtores con importes totais de axudas FEAGA superior a 5.000€.

Cadro 45
Distribución provincial de
produtores e cabezas pri-
madas. Datos campaña 2011

Provincia	Produtores	Cabezas	Pagos totais	€
A Coruña	5.505	40.864	1.263.347,60	
Lugo	7.409	103.108	3.086.955,09	
Ourense	1.529	21.349	619.403,11	
Pontevedra	1.581	12.364	373.555,26	
Galicia	16.024	177.685	5.343.261,06	

Provincia	Produtores	Cabezas	Pagos totais	€
A Coruña	4.990	36.934	903.803,27	
Lugo	6.912	96.393	2.269.012,09	
Ourense	1.413	20.701	468.742,99	
Pontevedra	1.472	11.590	276.380,31	
Galicia	14.787	165.618	3.917.938,66	

Cadro 46
Distribución provincial de produtores e cabezas primadas. Datos campaña 2012.(80% do importe da prima)

d) Calidade Carne de Vacún

Obxectivo: Conceder unha axuda específica aos agricultores de carne de vacún para incentivar a mellora da calidade e a comercialización da carne de vacún. A axuda concederáselles aos/ás agricultores/as de carne de vacún polas cabezas sacrificadas dentro de sistemas de calidade recoñecidos oficialmente mediante a correspondente norma legal: denominacións de orixe protexidas ou indicacións xeográficas protexidas; gandaría ecolóxica ou integrada; e, etiquetado facultativo da carne que implique uns requisitos superiores aos esixidos na normativa xeral.

Provincia	Solicitudes	Cabezas	Cabezas/solicitudes
A Coruña	610	8.286	13,58
Lugo	4667	46.565	9,98
Ourense	446	24.960	55,96
Pontevedra	74	3.356	45,35
Galicia	5.797	83.167	14,35

Cadro 47
Distribución solicitudes de axudas. Campaña 2012

* Pagamento de axuda

No prazo de pago desta axuda no ano 2012 -que vai do 1 de decembro de 2011 ao 30 de xuño de 2012- realizáronse os pagos relativos ás solicitudes de pagamento adicional á produción de carne de vacún de calidade presentadas no 2011. Despois de coñecer as solicitudes presentadas en todo o Estado español, o FEGA estableceu o importe unitario de prima por cabeza sacrificada en 11,3662196 €.

Provincia	Produtores	Cabezas	Pagos totais	€
A Coruña	331	5.914	61.304,36	
Lugo	3.659	40.747	425.821,89	
Ourense	299	17.283	175.884,54	
Pontevedra	41	2.528	25.977,63	
Galicia	4.330	66.472	688.988,42	

2.- OVINO-CABRÚN

Coa entrada en vigor do Regulamento (CE) 73/2009 e aplicación do “Chequeo médico” da PAC en España, o Real Decreto 16980/2008 estableceu a incorporación das primas de ovino-cabrún ao réxime de pagamento único. Polo tanto, estas axudas xa deixaron de aplicarse en España a partir deste ano.

De acordo ao artigo 68 do Regulamento (CE) 73/2009. Coa aplicación e aplicado en España mediante do Real decreto 202/2012, as axudas ao sector do ovino e cabrún para o ano 2012 e seguintes foron:

- a) Axudas para a mellora da calidade das producións de ovino e cabrún;
- b) Axuda para compensar as desvantaxes específicas que afectan os/as agricultores/as do sector ovino; e
- c) Axuda para compensar as desvantaxes específicas que afectan aos/ás agricultores/as do sector cabrún

Cadro 48
Explotacións de ovino/cabrún e animais inspeccionados. Datos campaña

Provincia	Explotacións	Animais calidade	Animais vul. ovino	Animais vul. cabrún
A Coruña	7	0	960	196
Lugo	40	332	2961	1.533
Ourense	39	0	4.994	1.744
Pontevedra	11	128	690	169
Galicia	97	460	9.605	3.642

- a) Axudas para a mellora da calidade das producións de ovino e cabrún

Concederáse unha axuda específica aos/ás agricultores/as de ovino e cabrún que comercialicen polo menos unha parte da súa produción de leite e/ou carne ao amparo dunha denominación de calidade (apartado 1.a).ii) do art. 68 do Regulamento (CE) 73/2009).

Requisitos:

- Comercializar baixo os programas de produción de calidade polo menos un 25% das femias elixibles da explotación.
- No caso de explotacións con ambas orientacións, deberase alcanzar a devanditada porcentaxe nalgunha das dúas orientacións.
- No caso de explotacións con distintas orientacións produtivas para unha mesma especie, para considerar cumprido este requisito, deberase acadar a dita porcentaxe nalgunha das orientacións produtivas
 - Animais correctamente identificados.
 - Sistemas de calidade recoñecidos: indicacións xeográficas protexidas ou denominacións de orixe protexidas; ganadería ecolóxica ou integrada; e, etiquetado facultativo da carne.

- Importe máximo global adicado a estes pagamentos no Estado español: 7,2 millóns de €.
- Indicacións xeográficas protexidas e Gandería Ecolóxica: cobran 100% do importe da axuda
- Resto dos sistemas de calidade: 80

Provincia	Solicitudes	Cabezas	Cabezas/solicitud
A Coruña	4	265	66,25
Lugo	24	1.760	73,33
Ourense	3	158	52,67
Pontevedra	2	72	36,00
Galicia	33	2.255	68,33

Cadro 49
Solicitudes recibidas segun-
do a provincia. Datos cam-
paña 2012

Para a campaña 2012 efectuáronse os pagos de primas a produtores de ovino-cabrún que solicitaran a prima entre o 1 de febreiro e o 30 de abril. A axuda por animal establecida para o ano 2011 foi de 2,0486895 € por animal primable.

Provincia	Produtores	Cabezas			Pagos totais €
		Ovinos	Caprinos	Total	
A Coruña	-	-	-	-	-
Lugo	4	205	349	554	1.050,18
Ourense	3	504	145	649	1.218,39
Pontevedra	-	-	-	-	0,00
Galicia	7	709	494	1.203	2.268,57

Cadro 50
Primas pagadas aos produ-
tores de ovino e cabrún cu-
xas producións están ampa-
radas baixo denominacións
de produción de calidade

b) Axuda para compensar as desvantaxes específicas que afectan os/as agricultores/as do sector ovino

Concederase unha axuda específica ás explotacións de ovino que se agrupen entre si en entidades asociativas co fin de que, a través do fomento da mellora da súa competitividade ou da ordenación da oferta ou do incremento do valor da súa produción, se poida garantir a súa permanencia na actividade.

Requisitos:

- Produtores integrados en entidades asociativas das seguintes características:
 - Censo mínimo: 5.000 reproductoras.
 - Obxectivos incluídos nos estatutos: instalacións en común, servizos en común, formación, ...

- Os compromisos de entidades asociativas ás que pertenza o solicitante son:

Manter a súa actividade e o censo indicativo asociado durante o ano de percepción e os dous seguintes.

Compromiso individual dos produtores integrantes de permanecer polo menos 3 anos na agrupación

- Animais correctamente identificados.
- Importe máximo global adicado a estes pagamentos no Estado español: 28,2 millóns de €.

Cadro 51
Solicitudes recibidas segun-
do a provincia. Datos cam-
paña 2012

Provincia	Solicitudes	Cabezas	Cabezas/solicitud
A Coruña	21	2.778	132,29
Lugo	57	7.483	131,28
Ourense	139	24.174	173,91
Pontevedra	9	1.137	126,33
Galicia	226	35.572	157,40

* Pago de axudas

Os produtores que non comercialicen leite ou produtos lácteos de ovella ou cabra cobrarán o importe completo da axuda. Os que comercialicen leite ou produtos lácteos de ovella ou cabra cobrarán o 70% do importe da axuda.

c) Axuda para compensar as desvantaxes específicas que afectan aos/ás agricultores/as do sector cabrún.

Concederáse unha axuda específica aos titulares de explotacións de cabrún que se atopen en zonas desfavorecidas.

Requirimentos:

- Titulares de explotacións de cabrún localizadas nas zonas desfavorecidas.
- Importe máximo global adicado a estes pagamentos no Estado español: 4,7 millóns de €.
- Só recibirán esta axuda os titulares de explotacións cun censo de cabras elixibles igual ou superior a 10
- Animais correctamente identificados.

Cadro 52
Solicitudes recibidas segun-
do a provincia. Datos cam-
paña 2012

Provincia	Solicitudes	Cabezas	Cabezas/solicitud
A Coruña	42	1.162	27,67
Lugo	255	7.845	30,76
Ourense	167	8.915	53,38
Pontevedra	71	1.252	17,63
Galicia	535	19.174	35,84

*** Pago de axudas**

A axuda por animal establecida para o ano 2012 foi de 4,84338353 € por animal primable.

No seguinte cadro indícanse as primas pagadas en cada provincia aos produtores de cabrún en zonas desfavorecidas.

Provincia	Produtores	Cabezas	Pagos totais	€
A Coruña	20	721	3.320,80	
Lugo	159	6.699	31.383,31	
Ourense	127	7.130	32.727,90	
Pontevedra	24	756	3.568,39	
Galicia	330	15.306	71.000,40	

Cadro 53
Distribución provincial das primas ás desvantaxes específicas que afectan aos/ás agricultores/as do sector cabrún.. Datos campaña 2012



3.- VACÚN DE LEITE

a) Axuda para compensar as desvantaxes específicas que afectan os/as agricultores/as do sector de vacún de leite (art. 68 do Regulamento (CE) 73/2009).

Concederase unha unha axuda específica ás explotacións de vacún de leite para facilitar a súa adaptación á eliminación progresiva do réxime de cotas.

Requirimentos:

- Titulares de explotacións de gando vacún leiteiro.
- Para a axuda complementaria o solicitante deberá ter a explotación localizada en zona desfavorecida e declarar unha superficie forraxeira superior a 0,4 hectáreas por vaca elixible.
 - Se entenderá por superficie forraxeira que teña uso pasteiro ou terra arable no SIXPAC e situada no termo municipal onde se atopa a explotación ou en municipios adxacentes.
 - Son animais elixibles as vacas de aptitude láctea de polo menos 24 meses de idade, inscritas no RIIA e localizadas na explotación a 30/04/2012.
 - Se paga por un máximo de 100 animais elixibles por solicitude. Os importes das axudas modúlanse do seguinte xeito:

Provincia	Axuda base	Axuda complementaria
Até 40 animais	Importe complemento	Importe complemento
De 41 a 100 animais	80%	70%

Para a campaña 2012 o importe máximo para todo o Estado de 56.010.400 €, que se distribúen do seguinte xeito:

- a) 51.210.400 euros para unha axuda ás explotacións situadas en zonas desfavorecidas, coa seguinte desagregación:
- i. 18.200.000 euros para unha axuda ás explotacións situadas en zona de montaña.
 - ii. 19.600.000 euros para unha axuda ás explotacións situadas noutras zonas desfavorecidas distintas ás de montaña.
 - iii. 13.410.400 euros para unha axuda complementaria ás explotacións situadas nas zonas anteriores que ademais dispoñan da base territorial para a alimentación do gando produtor de leite.
- b) 4.800.000 euros para una axuda ás explotacións situadas no resto de zonas do territorio distintas das determinadas anteriormente.

Provincia	Solicitudes	Cabezas	Cabezas/solicitud
A Coruña	5.071	141.175	27,84
Lugo	4.861	149.834	30,82
Ourense	111	2.855	25,72
Pontevedra	1.825	39.527	21,66
Galicia	11.868	333.391	28,09

* Plan de controis

Axuda incluída no plan de controis administrativos e sobre o terreo de primas gandeiras da Comunidade Autónoma de Galicia para a campaña 2012, téndose realizado os controis indicados no cadro 31.

* Pagamento de axudas

De acordo co establecido no artigo 29 do Regulamento (CE) 73/2009, o pagamento destas axudas solicitadas en 2012 efectuarase no período comprendido entre o 1 de decembro de 2012 e o 30 de xuño de 2013.

Despois de coñecer as solicitudes presentadas e animais con dereito a prima en todo o Estado, o FEGA estableceu os importes unitarios de prima a aplicar segundo o reflectido no seguinte cadro:

	€/cabeza
ZONA DE MONTAÑA	
Primeiras 40 cabezas	81,56899303
De 41 a 100 cabezas	65,25519442
ZONA DESFAVORECIDA DESPOBOAMENTO	
Primeiras 40 cabezas	70,84738533
De 41 a 100 cabezas	56,67790827
AXUDA COMPLEMENTARIA BASE TERRITORIAL	
Primeiras 40 cabezas	37,2013027
De 41 a 100 cabezas	26,04091189
Primeiras 40 cabezas	30,90394025
De 41 a 100 cabezas	24,7231522

A estes importes descontóuselless en concepto de modulación un 10% e do anexo IV aos produtores con importes totais de axudas FEAGA superior a 5000€.

A distribución provincial de produtores e cabezas primadas indícase no seguinte cadro:

Cadro 55
Distribución provincial de
produtores e cabezas pri-
madas. Campaña 2012

Provincia	Produtores	Cabezas	Pagos totais	€
A Coruña	4.234	124.749	7.143.748,24	
Lugo	4.231	135.064	11.581.236,56	
Ourense	91	2.318	209.340,86	
Pontevedra	1.561	36.259	3.259.591,13	
Galicia	10.117	298.390	22.193.916,79	

b) Axuda para a mellora da calidade do leite e os produtos lácteos de vaca (art. 68 do Regulamento (CE) 1782/2009).

Axuda específica aos titulares de explotacións de vacún de leite que comercialicen a súa produción ao amparo dunha denominación de calidade.

Para a campaña 2012 o importe máximo para todo o Estado é de 81.976.300 €. Os importes de axuda por animal para as denominacións de calidade de ámbito nacional e o 80% das de ámbito comunitario.

Requirimentos:

- Vacas de polo menos 24 meses de idade, inscritas no RIIA, localizadas na explotación a 30/04/2011, cuxa produción sexa comercializada ao amparo dunha denominación de calidade.

- Os produtores deberán comercializar baixo os programas de calidade que se trate, a produción de polo menos o 25% das vacas de aptitude láctea da explotación.

- Número de vacas elixibles calcularase dividindo a cantidade en quilogramos comercializados durante o 2011 baixo as distintas denominacións de calidade entre o rendemento lácteo medio (6.500 kg).

Para a presentación desta solicitude contouse coa colaboración de entidades financeiras, no prazo que vai do 1 de febreiro ao 13 de maio de 2011. A presentación e xestión destas solicitudes faise de acordo co manual de procedemento establecido polo FOGGA.

Provincia	Produtores	Cabezas	Pagos totais	€
A Coruña	5.103	118.127	23,15	
Lugo	4.878	90.138	18,48	
Ourense	111	561	5,05	
Pontevedra	1.840	19.995	10,87	
Galicia	11.932	228.821	19,18	

Cadro 56 Solicitudes presentadas. Datos campaña 2012

* Plans de controis

Axuda incluída no plan de controis administrativos e sobre o terreo de primas gandeiras da Comunidade Autónoma de Galicia para a campaña 2012, téndose realizado os controis indicados no cadro 31 .

* Pagamento de axudas

O pagamento destas axudas solicitadas en 2012 efectuarase no período comprendido entre o 1 de decembro de 2012 e o 30 de xuño de 2013. No ano 2012 se pagaron as axudas solicitadas no ano 2011.

Despois de coñecer as solicitudes presentadas e animais con dereito a prima en todo o Estado, o FEAGA estableceu os importes unitarios de prima a aplicar, que foron os seguintes:

Axuda específica calidade do leite	€/cabeza
Ámbito comunitario	7,60912001
Ámbito nacional	6,08729601

A estes importes descontóuselles un 10% en concepto de modulación e un 3% do anexo IV aos produtores con importes totais de axudas FEAGA superior a 5.000€.

Provincia	Produtores	Cabezas	Pagos totais	€
A Coruña	4.247	117.808	654.829,78	
Lugo	4.210	124.046	682.824,61	
Ourense	60	1.597	8.854,20	
Pontevedra	1.419	28.297	157.434,38	
Galicia	9.936	271.748	1.503.942,97	

Cadro 57 Distribución provincial de produtores, cabezas primadas e importes pagados. Campaña 2011

E) Xestión de axudas ao desenvolvemento rural

Obxectivo:

Promoción dun desenvolvemento rural sostible en toda a Comunidade, como complemento das políticas de apoio ao mercado e aos ingresos aplicadas no marco da PAC, da política de cohesión e a Política Pesqueira Común (PPC).

Obxectivos específicos:

- Aumentar a competitividade da agricultura e a silvicultura mediante a axuda á reestruturación, o desenvolvemento e a innovación.
- Mellorar o medio ambiente e o medio rural mediante a xestión de terras.
- Mellorar a calidade de vida nas zonas rurais e fomentar a diversificación da actividade económica.

Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia para a etapa 2007/2013:

O PDR articúlase en torno a catro eixes:

- 1) Aumento da competitividade o sector agrícola e forestal;
- 2) Mellora do medio ambiente e do entorno natural;
- 3) Calidade de vida nas zonas rurais e diversificación da economía rural; e,
- 4) Leader.

No Eixo 2 inclúense catro medidas destinadas á utilización sostible de terras agrícolas postas en marcha en Galicia:

- (211) Axudas destinadas a indemnizar aos agricultores polas dificultades naturais en zonas de montaña.
- (212) Axudas destinadas a indemnizar aos agricultores polas dificultades naturais en zonas distintas das de montaña.
- (214) Axudas agroambientais.
- (215) Axudas ao benestar dos animais.

1.-INDEMNIZACIÓN COMPENSATORIA

Integrada na solicitude unificada de axudas da Política Agraria Común e o de Rural (PAC - DR 2012).

As axudas concédense a persoas físicas coa condición de titular ou cotitular de explotacións que desenvolven a súa actividade agraria en zonas desfavorecidas, de montaña ou distintas das de montaña.

O solicitante ten que ser agricultor a título principal, ben a título individual ou como socio dunha entidade asociativa.

Requerimentos da explotación:

Debe ter a súa superficie declarada, en parte ou totalmente, sobre as zonas desfavorecidas indicadas no Anexo 18 da orde da convocatoria de 2012.

- Explotacións gandeiras de vacún, ovino-cabrún ou equino:
 - Carga máxima: 2,00 UGM/ha de superficie forraxeira.
 - Carga mínima:
 - * zonas desfavorecidas de montaña: 0,4 UGM/ha.
 - * zonas desfavorecidas distintas das anteriores: 0,70 UGM/ha.
- Resto de explotacións gandeiras e para as estritamente agrícolas: non se determina nin se establece límite para a carga gandeira.

Tódalas explotacións tiñan que ter unha superficie agrícola superior a 2 has en zonas desfavorecidas.

Compromisos dos solicitantes:

- Manter a actividade agraria en zonas desfavorecidas, polo menos durante os 5 anos seguintes á data en que cobre por primeira vez a indemnización, agás en caso de xubilación ou forza maior.
- Exercer unha agricultura sustentable empregando métodos e prácticas agrícolas que permitan manter boas condicións agrarias e agroambientais, adecuadas as características agrarias da localidade, compatibles co ambiente e o mantemento do campo e da paisaxe, indicadas no Anexo 21 da orde da convocatoria.

Importes e concesións das axudas:

- O importe da axuda ten un límite inferior de 300€ e un superior de 2.500€.
- Axuda en réxime de concorrencia competitiva. Establecidos criterios de puntuación dos expedientes en función de se o solicitante é mozo, muller, se tiña aprobada algunha liña de axudas agroambientais, se tiña superficie en Rede Natura, se tiña suscrito un contrato de explotación sustentable ou se tiña unha explotación prioritaria.

* Xestión da axuda

Despois de feitos os controis correspondentes, e aplicadas as puntuacións previstas na normativa reguladora para a concorrencia competitiva, aprobáronse as solicitudes que cumprindo os requisitos para acceder ás axudas alcanzaron unha puntuación superior a 10 puntos en zonas de montaña e de 20 en zona desfavorecida.

Cadro 58
Solicitudes de indemnización compensatoria recibidas na campaña 2012

Provincia	Zona montaña		Zona desfavorecida	Total
	Solicitantes	€	Solicitantes	€
A Coruña	620		1.696	2.316
Lugo	4.538		4.895	9.433
Ourense	1.004		485	1.489
Pontevedra	475		1.509	1.984
Galicia	6.637		8.585	15.222

Os pagos realizados desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2012 corresponderon as solicitudes das campañas 2008, 2009, 2010, 2011 e 2012 segundo a distribución indicada nos cadros inferiores.

Coma se pode comprobar no segundo cadro "Distribución de pagos de indemnización compensatoria segundo zonas e provincias. Datos campaña 2012", o importe medio por solicitante na campaña 2012 foi de 1.332,03€, sendo maior na zona de montaña (1.524,25€) ca na zona desfavorecida (1.089,85€).

Cadro 59
Pagamentos de indemnización compensatoria correspondentes ás campañas 2008, 2009, 2010 e 2011
Total solicitantes: 481
Importes totais: 670.648,14€

Campañas	Zona montaña		Zona desfavorecida	
	Solicitantes	€	Solicitantes	€
Campaña 2008	5	8.813,63	1	1.288,92
Campaña 2009	15	19.083,51	11	10.521,47
Campaña 2010	93	135.879,06	91	92.277,39
Campaña 2011	159	283.195,41	106	119.588,75
TOTAL	272	446.971,61	209	223.676,53

Cadro 60
Distribución de pagos de indemnización compensatoria segundo zonas e provincias. Datos campaña 2012
Total solicitantes: 7.591
Importes totais: 10.111.458,84€

Campañas	Zona montaña		Zona desfavorecida	
	Solicitantes	€	Solicitantes	€
Campaña 2008	360	520.244,3	505	589.320,67
Campaña 2009	3.008	4.641.502,58	2.199	2.435.905,99
Campaña 2010	578	964.547,88	90	80.182,87
Campaña 2011	286	324.351,85	565	555.402,7
TOTAL	4.232	6.450.646,61	3.359	3.660.812,23

2.- CONTRATO DE EXPLOTACIÓN SUSTENTABLE (CES)

Ao igual que a indemnización compensatoria, o CES -que está previsto no Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2007-2013- está integrado na solicitude unificada de axudas da Política Agraria Común e o de Rural (PAC - DR 2012).

O CES establécese co obxecto de reforzar o carácter multifuncional da actividade agraria, mellorar a sustentabilidade das explotacións e apoiar o desenvolvemento sustentable das áreas rurais.

Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2007-2013: medidas

•Axudas agroambientais para os produtores que establezan métodos de produción respetuosos co medio ambiente e que subscriban de forma voluntaria compromisos agroambientais:

-Cobren compromisos con maiores esixencias que a condicionalidade, os requisitos mínimos de abonos e fitosanitarios e os requisitos obrigatorios da lexislación nacional establecidos no programa de desenvolvemento rural 2007-2013.

-Por un período de 5 anos.

-Teñan custos adicionais ou perda de ingresos.

-Importes unitarios limitados e que non poden superar uns máximos comunitarios.

Submedidas e obxectivos específicas:

*Variedades autóctonas vexetais en risco de erosión xenética

*Control integrado e produción integrada

*Agricultura e gandaría ecolóxicas

*Loita contra a erosión en medios fráxiles

*Mantemento de razas autóctonas puras en perigo de extinción

*Utilización racional dos recursos forraxeiros

*Apicultura para a mellora da diversidade en zonas fráxiles

*Mellora e conservación do medio físico en zonas de prados e pastos incluídos na Rede Natura 2000.

•Axudas relativas ao benestar dos animais para os produtores que adopten sistemas de cría de animais en avicultura e produción porcina que, superando as normas obrigatorias de aplicación, garantan o seu benestar e sanidade e permitan o mantemento dunha explotación viable.

Submedidas ou liñas de axuda:

*Avicultura de curral para produción de carne


*Porcino ao aire libre para a cría e ceba

* Resultados da xestión

No 2012 poderán solicitar o pagamento do CES os agricultores que solicitaron no ano 2008, 2009 ou 2010 e teñan importes aprobados. Polo tanto, non se aceptaron novas solicitudes, nin novas liñas nin ampliación de compromisos en liñas xa comprometidas para o período 2007-2013. Deste xeito, tódalas solicitudes recibidas en 2012 corresponden a expedientes de pago.

Na campaña 2012 continuouse coa xestión dos expedientes das campañas anteriores, realizándose os pagos das axudas solicitadas en 2008, 2009, 2010 e 2011, por un importe total de 20.785.002,18€.

Gráfica 12
Distribución de expedientes
de pago do CES recibidas
en 2012.
Total 4.687



	Uso actualizado									
	Exp.	Importes	Exp.	Importes	Exp.	Importes	Exp.	Importes	Exp.	Importes
Control integrado e producción integrada	28	27.746,26	10	21.379,56	1.255	662.516,44	2.224	1.872.476,91	3517	2.584.119,67
Variedades autóctonas										
risco erosión xenética	-	-	-	-	15	23.529,02	39	57.403,59	54	80.932,61
Loita contra a erosión										
medios fráxiles	1	521,52	-	-	809	472.28,34	169	113.443,02	979	585.992,88
Apicultura en zonas fráxiles	-	-	-	-	10	58.926,38	8	25.274,94	18	84.201,32
Utilización racional dos recursos forraxeiros	14	17.913,94	44	86.180,85	896	2.578.998,43	6.106	12.978.138,48	7.060	15.661.231,70
Mellora do medio físico en rede natura 2000	-	-	-	-	-	-	1	3.720,60	1	3.720,60
Mantemento de razas autoctónas perigo extinción	3	1.051,20	2	8.269,76	136	307.431,17	551	839.585,89	692	1.156.338,02
Agricultura gandaría ecolóxica	5	3.480,61	7	11.481,49	35	122.724,27	145	473.686,34	192	611.372,71
Benestar animal	-	-	-	-	8	9.513,36	6	7.579,81	14	17.093,17
TOTAIS	51	50.713,53	63	127.311,66	3.164	4.235.667,41	9.249	16.371.309,58	12.527	20.785.002,18

Cadro 61
Distribución de solicitudes
do CES pagadas en 2012,
correspondentes ás cam-
pañas 2008, 2009, 2010 e
2011



3.2.- ACTIVIDADES DE SOPORTE

A) Xestión de persoal

En materia de recursos humanos e réxime interior as tarefas desenvolvidas polo FOGGA ao longo do ano 2012 foron as ordinarias nas seguintes materias:

•**Habilitación:** xestión dos gastos de persoal -nóminas e Seguridade Social- así como dos gastos correntes en bens e servizos.

•**Xestión de persoal:** tramitación de todas as actuacións e incidencias producidas ao longo do ano en relación coa xestión do persoal funcionario e laboral dependente do organismo, tanto de servizos centrais como provinciais.

•**Xestión do réxime interior:** respecto do persoal pertencente aos servizos centrais do organismo.

Inclúense, con carácter xeral, as seguintes tarefas:

a. A xestión orzamentaria dos capítulos I (persoal) e II (gastos correntes e de servizos), coa xestión de 120 pagamentos por un importe de 4.129.729,69€ no primeiro caso (3.345.791,37€, de retribucións de persoal, e 783.938,32€, para os custos da Seguridade Social, Muface e outros), e de 722 expedientes de adquisición de bens correntes e de servizos, por importe de 362.986,90€ no segundo caso.

b. A tramitación das altas, baixas e modificacións na Seguridade Social e tramitación de IT (257).

c. A tramitación dos partes de variación da nómina do persoal (170).

d. A elaboración das tomas de posesión, cesamentos, readscricións e trienios do persoal do organismo (75).

e. A tramitación das solicitudes de comisións de servizos e cobertura temporal de vacantes (24).

f. A emisión de todas as certificacións relativas ao persoal, incluídas as dos concursos, cursos de formación, fondo de acción social e de haberes (316).

g. O control horario diario e mensual (492 partes), xunto coa tramitación das tarxetas identificativas do persoal e a súa actualización (1).

h. A tramitación dos permisos, vacacións e licenzas (337)

i. O control de entrada e saída do rexistro administrativo nos servizos centrais (4.319 entradas e 4.420 saídas).

	Persoal funcionario		Persoal laboral	
	De carreira	Interino	Fixo	Temporal
SS.CC	30	9	1	3
SS.PP	45	10	11	10
Total	75	19	12	13

Cadro 62
 Persoal funcionario e laboral por destinos. Datos a 31 de decembro de 2012
 Total: 119
 SS.CC: 43
 SS.PP: 76

	Persoal funcionario			Persoal laboral		
	31-12-2010	31-12-2011	Variación	31-12-2010	31-12-2011	Variación
SS.CC	40	39	-1	4	4	0
SS.PP	63	55	-8	20	21	1
Total	103	94	-9	24	25	1

Cadro 63
 Variación de efectivos con respecto ao exercicio anterior. datos a 31 de decembro de 2012

Por execución de sentenza do xulgado do Social, toma posesión como persoal laboral indefinido non fixo 1 persoa no ano 2012.

Tras o acondicionamento do arquivo levado a cabo xa no ano 2006, durante este exercicio realizáronse tarefas de reorganización e arquivo dos expedientes xestionados polo organismo en servizos centrais, de acordo cos criterios indicados polo responsable do Arquivo Xeral da Xunta de Galicia, da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Conse-



Ilería de Cultura e Deporte.

B) Xestión económica

1.- XESTIÓN DO ORZAMENTO

a) Orzamento de gastos. Liquidación

O estado de execución do orzamento de gastos (Servizo 13.90. Fondo Galego de Garantía Agraria), programas 713 F: Regulación das producións agrarias e apoio á renda dos agricultores, 712 B: Modernización e diversificación do tecido produtivo rural, ao 31/12/2012 é o establecido no cadro 64, precisándose, no cadro 65 seguinte, o estado de execución dos seus capítulos VI e VII.

Cadro 64
Execución orzamento de
gastos

